

RESOLUCIÓN Expte. RA-30/2010: Entidades Financeiras

Pleno

Sres.:

D. Francisco Hernández Rodríguez, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2010.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia, coa composición indicada máis arriba, e sendo relator D. Alfonso Vez Pazos, ditou a seguinte Resolución no Expediente RA-30/2010, “Entidades Financeiras” (Expediente 3/2010, do Servizo Galego de Defensa da Competencia, en adiante SGDC), tras examinar a proposta de non incoación de procedemento e arquivo de actuacións efectuada polo SGDC segundo escrito de 14 de abril de 2010.

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- O 11 de febreiro de 2010, o SGDC recibiu un escrito de D. Ricardo Sanjuán Solórzano no que formulaba denuncia contra Caja Madrid e o Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) no procedemento de concesión e fixación de xuros dun préstamo hipotecario.

- 2.- Antes de determinar cal é a autoridade para coñecer deste caso, o SGDC solicitou á sucursal de Caja Madrid na Avenida Gran Vía, 36, de Vigo información sobre os feitos denunciados e se tales feitos respondían a causas particulares atribuíbles só a este caso ou se a conduta denunciada era resultado dunha política xeral aplicable en todo o territorio nacional.
- 3.- Ante as explicacións por escrito de Caja Madrid e a afirmación de que se trataba dun caso particular, resolto tras a análise individualizada das condicións económicas e xurídicas da operación presentada, e que esa denegación non era resultado dunha política xeral da entidade, o SGDC chegou á dobre conclusión de que, por unha parte, a competencia para coñecer deste asunto correspondía aos órganos galegos da competencia e, por outra, que a conduta denunciada non vulnera ningún dos artigos da LDC. De xeito coherente con esta última conclusión e en aplicación do disposto no artigo 49.3 LDC, o Servizo remitiu a este Tribunal o 14 de abril de 2010 escrito de proposta de non incoación de expediente sancionador con arquivo das actuacións realizadas ata ese momento.
- 4.- O 7 de setembro de 2010, o Pleno do Tribunal deliberou e pronunciouse sobre este asunto. Son interesados:
- D. Ricardo Sanjuán Solórzano.
 - A entidade financeira Caja Madrid.
 - A entidade financeira Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A presente Resolución dítase ao abeiro da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. O artigo 13 da lei devandita establece que

os órganos das Comunidades Autónomas competentes para a súa aplicación, no noso caso o SGDC e este Tribunal, exercerán no seu territorio as competencias executivas correspondentes nos procedementos que teñan por obxecto as condutas previstas nos seus artigos 1, 2 e 3 de acordo co disposto na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia.

O apartado 3 do artigo 49 da LDC establece que o Tribunal, a proposta do Servizo, poderá acordar non incoar os procedementos derivados da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da LDC e ordenar o arquivo de actuacións cando considere que non hai indicios de infracción. Corresponde a este Tribunal, por tanto, neste caso, analizar a proposta efectuada polo SGDC para ver se procede aceptala e, en consecuencia, archivar as actuacións desenvolvidas ata agora, ou, polo contrario, se procede rexeitar esa proposta por se apreciar indicios de infracción das normas de competencia.

Esa capacidade para decidir sobre a non incoación e o arquivo de expedientes implica necesariamente a capacidade para determinar se un expediente debe ser obxecto dunha análise mais detida e, no caso de se apreciaren polo Tribunal indicios de infracción, instar ao Servizo a que incoe o procedemento sancionador correspondente, segundo sinala o artigo 27.2 do Regulamento de Defensa da Competencia, aprobado polo Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro.

SEGUNDO.- O presente procedemento iniciouse pola denuncia D. Ricardo Sanjuán Solórzano contra Caja Madrid e o Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria por certas prácticas que o denunciante considera contrarias á Lei de defensa da competencia.

A alínea 2 do artigo 49 da LDC sinala que ante a noticia da posible existencia dunha infracción, o Servizo poderá realizar unha información reservada para determinar con carácter preliminar se concorren as circunstancias que xustifiquen a incoación dun expediente sancionador. Neste caso, dadas as especiais características da denuncia, o Servizo requiriu unha información preliminar da sucursal de Caja Madrid na Avenida Gran Vía, 36, de Vigo antes de efectuar o trámite de determinación da autoridade competente para entender deste asunto de acordo co previsto no artigo 2.1 da Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia.

TERCEIRO.- De acordo cos feitos referidos na denuncia, D. Ricardo Sanjuán Solórzano contratou un préstamo hipotecario co BBVA coa condición de que o Euribor a considerar para calcular os xuros do préstamo nunca sería inferior ao 2,5 por cento, aínda que o mercado acadara taxas de xuro inferiores a ese límite. Pola súa parte, a entidade Caja Madrid deu a coñecer, a través da súa publicidade, que estaba disposta a conceder créditos hipotecarios en mellores condicións, aplicando un diferencial mínimo sobre Euribor e sen límite inferior.

O denunciante solicitou a Caja Madrid acollerse a esas mellores condicións crediticias ofrecidas na súa publicidade, pero a súa solicitude foi rexeitada pola entidade alegando que o BBVA, cando recibira a notificación da disposición de Caja Madrid de concederlle un novo préstamo, igualaría esas novas condicións. O denunciante comunicou os feitos ao BBVA, solicitando a igualación das condicións ofrecidas na publicidade por Caja Madrid, pero o banco non accedeu a conceder dita igualación.

CUARTO.- Como resposta á petición de información efectuada polo SGDC, o director da sucursal á cima mencionada de Caja Madrid en Vigo indicou, nun primeiro escrito de 5 de marzo de 2010, que se decidiu non autorizar a operación solicitada D. Ricardo Sanjuán Solórzano “*unha vez analizada a*

situación do denunciante no marco da operación de subrogación do préstamo hipotecario que pretendía formalizar con Caja Madrid e dada a problemática situación xurídica no ámbito das operacións de subrogación de préstamos hipotecarios formalizados ao abeiro da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, modificada mediante a Lei 41/2007".

O SGDC solicitou aclaración, por unha parte, sobre cal era, en opinión de Caja Madrid "a *problemática situación xurídica no ámbito das operacións de subrogación de préstamos hipotecarios*" aludida no parágrafo anterior e, por outra parte, se a denegación deste tipo de operacións de subrogación se estendía a todo o Estado para todas as solicitudes que se presentasen ou ben se tiñan en conta os criterios específicos de cada operación.

Caja Madrid contestou a esta nova petición de información do Servizo mediante escrito de 30 de marzo de 2010 indicando que a problemática xurídica mencionada se refería aos diferentes criterios de interpretación respecto ao tratamento da "*intención de enervar que pode realizar a entidade acreedora do préstamo hipotecario e, dado que se coñecía a intención da entidade acreedora de enervar a subrogación pretendida e en aras de evitar gastos ao cliente, decidiuse non autorizar a operación, todo elo unido a análise da situación do denunciante*". Tamén respondeu Caja Madrid que "*cada solicitude de subrogación de préstamo hipotecario realizada por un cliente é analizada de forma individual en todos os seus aspectos tanto económicos como xurídicos, e en función desa análise decídese polo Comité competente autorizar ou non a operación solicitada*".

A vista desa información, o SGDC, unha vez atribuída a competencia para coñecer deste asunto aos órganos galegos de competencia, concluíu que a conduta denunciada non vulnera ningún dos artigos da Lei 15/ 2007, de 3 de

xullo, de defensa da competencia e propuxo a este Tribunal a non incoación de procedemento sancionador co arquivo das actuacións.

QUINTO.- Este Tribunal considera que compre ter unha base obxectiva mais ampla para poder pronunciarse sobre o fondo deste asunto e estima que non se pode descartar a existencia de indicios de prácticas restritivas sobre a base da simple declaración dunha das entidades denunciadas, que é parte interesada e non está obrigada a declarar na súa propia contra.

En efecto, tal como sinala o artigo 32 do Regulamento de Defensa da Competencia, a actuación do Servizo, cando efectúa a cualificación dun expediente, debe estenderse a unha indagación obxectiva sobre as prácticas analizadas dentro do mercado de referencia, é dicir, neste caso, a solicitude e concesión de operacións de subrogación de créditos hipotecarios.

Nesta liña, a investigación, a fin de proporcionar unha base suficiente para que se pronuncie este Tribunal, debe incluír como mínimo unha análise detida das operacións de subrogación crediticia solicitadas e autorizadas por parte de ámbalas dúas entidades denunciadas durante o período inmediatamente anterior e posterior ao momento da denuncia, é dicir, cando menos, o ano 2009 e desde decembro ata agosto do ano 2010, no ámbito territorial de actuación deste Tribunal, que é a Comunidade Autónoma de Galicia, así como da publicidade seguida por Caja Madrid e BBVA respecto a ese tipo de operacións crediticias durante o período indicado.

SEXTO.- Por todo o anterior, este Tribunal estima que non se pode considerar probado que non existan indicios de condutas anticompetitivas neste caso e, en consecuencia, procede rexeitar a proposta de arquivo e instar ao SGDC para que realice unha indagación obxectiva en liña co indicado no fundamento anterior e todas as demais probas que sexan precisas ata a completa cualificación xurídica deste asunto.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, este Tribunal

RESOLVE

PRIMEIRO.- Considerar insuficientes as actuacións do SGDC para esclarecer os feitos que motivaron a denuncia de D. Ricardo Sanjuán Solórzano contra Caja Madrid e o Banco de Bilbao Vizcaya Argentaria por supostas prácticas contrarias á Lei 15/2007, de 3 de xullo, de defensa da competencia e, por tanto, declarar que non procede o arquivo das devanditas actuacións senón a continuación das indagacións ata a completa cualificación xurídica do caso, facendo constar que o Servizo debe achegar ao expediente información veraz como mínimo dos seguintes aspectos, que deben ser recabados das dúas entidades denunciadas:

1.- Solicitudes de subrogación de préstamos hipotecarios recibidas en todas as oficinas de ambas entidades, Caja Madrid e BBVA, na Comunidade Autónoma de Galicia no ano 2009 e desde decembro ata agosto do ano 2010 con indicación do seguinte:

- Data da solicitude,
- Nome e DNI do solicitante,
- Importe, taxa de xuros e período de amortización do préstamo orixinario,
- Se a taxa de xuros de dito préstamo orixinario tiña ou non un límite inferior e en caso afirmativo cuál era ese límite, e
- Nome da entidade financeira acreedora obxecto da subrogación solicitada.

2.- Indicación de cáles desas solicitudes foron denegadas e cáles foron aceptadas, así como as novas condicións ofrecidas de modo vinculante ao

debedor para os préstamos nos que foi admitida inicialmente a subrogación, de acordo co sinalado no artigo 2, parágrafo dous, da Lei 2/1994, de 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios.

3.- Indicación de cáles das solicitudes aceptadas e sobre as que se fixo unha oferta de novas condicións ao debedor foron enervadas pola entidade acreedora de acordo co disposto no artigo 2, parágrafo cuarto, da devandita Lei 2/1994.

4.-Alén do anterior, o SGDC deberá achegar ao expediente información sobre a publicidade efectuada por Caja Madrid e BBVA durante 2009 e desde decembro ata agosto do ano 2010 sobre as condicións financeiras ofrecidas para préstamos hipotecarios procedentes de outras entidades.

SEGUNDO.- Instar ao Servizo Galego de Defensa da Competencia para que, á luz da información referida no punto anterior, efectúe os trámites necesarios para a determinación da autoridade competente para entender do presente asunto, de acordo co disposto na Lei 1/2002, do 21 de febreiro, de coordinación das competencias do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de defensa da competencia e, no suposto de resultar atribuída esa competencia aos órganos galegos, complete a análise dos feitos, cualifique a conduta denunciada desde o punto de vista xurídico e, no caso de se atoparen indicios de infracción da LDC, incoe o correspondente expediente sancionador.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e notifíquese aos interesados, informándoos de que contra ela non cabe recurso algún, sen prexuízo dos actos que procedan cando este Tribunal dite Resolución definitiva.